



COSTA DE FENE

Adela Leiro, Mon Daporta
marzo 2019



Distancia: 15 km (lineal) + camiñadas
Dificultade: baixa

Fene ten a costa dividida en dúas partes e repartida en dúas rías: a do norte, uns 5 km, sen contar os recheos de Navantia, na ría de Ferrol; e a do sur, un pouco máis de 1 km, na ría de Ares. Nas dúas partes ofrece características semellantes augas tranquilas e paredes rochosas pouco elevadas entre as que se forman seos que acollen pequenos areais que as mareas altas reducen ata case facelos desaparecer, pero por outra banda con condicións totalmente diferentes a costa da zona norte ten a maior parte da súa beira alterada por recheos e está ocupada por instalacións industriais, mentres que a do sur consérvase con poucas alteracións.

Percorrer a parte norte non é doado polos atrancos que pon a ocupación do terreo por edificacións particulares e instalacións industriais, ao que tampouco axuda o trazado da liña do tren; a do sur tampouco é máis doada pola falta de camiños pola beira, pero hai unha estradiña que se achega aos areais, que teñen accesos acondicionados, que permite coñecerla ben de preto



- 1-Praias do Regueiro e San Valentín
- 2-Punta e ponte das Pías
- 3-Estaleiros e porto
- 4-Praia do Carril
- 5-Porto de Barallobre
- 6-Porto e praia de Maniños
- 7-Praia do río Sandeu
- 8-Praia do Coído
- 9-Praia de Almieiras
- 10-O Lapido
- 11-Desembocadura do río Castro e praia

RÍA DE FERROL

Está limitada polo cabo Prioriño no norte e a punta da Coitelada no sur. Acada 17 km de lonxitude e 2 km de largor medio. É unha ría con dúas partes ben definidas: unha canle de entrada estreita coas beiras escarpadas e un interior amplo con varias enseadas. Na parte interior ten unha gran acumulación de sedimentos lamacentos. O río principal é o Grande de Xubia.

As rochas dominantes son granitos na zona da boca e xistos no interior.


É unha ría dunha grande riqueza biolóxica que está densamente poboada e con gran actividade industrial.



A vila de Fene desde o cume do Coto do Rei, un excelente miradoiro sobre a ría de Ferrol

PERCORRIDO

O percorrido en coche podemos comezalo na **praia do Regueiro** ou **San Valentín**, que por unha banda nos permite chegar polo paseo ata o límite do concello e pola outra ao arranque da ponte das Pías. A seguinte parada farémola para un achegamento puntual ao **porto de Perlío** (para ir alí desde san Valentín hai que seguir sempre a estrada sen cruzar a liña do tren). Volvendo de Perlío collemos o primeiro desvío á dereita que pasa por debaixo da vía e sae á estrada que vai a Barallobre para desviarnos logo ao **porto de Barallobre**, coñecer a **praia do Carril**, o porto e seguir de alí a **Maniños**, onde podemos ver o porto e achegarnos á **praia**. Desde Maniños, e pola estrada que pasa ao pé da capela de San Caetano, imos ao Cotillón onde xa temos na estrada un indicador de praias que vai polo Souto Vello, cruza a vía do tren e lévanos sen perda á **praia do Río Sandeu**, e logo, seguindo sempre pola estrada que vai máis preto do mar, podemos achegarnos á do **Coído** e á de **Almieiras** e rematar o percorrido na desembocadura do **río Castro** ou de **Laraxe** onde está o límite do territorio do concello.



1-Praia e paseo do Regueiro




Praia de San Valentín



2-Punta e ponte das Pías



3-Estaleiros



Porto de Perlió



4-Praia do Carril



5-Porto de Barallobre



6-Porto de Maniños



Praia de Maniños



7-Praia do río Sandeu



8-Praia do Coido



Praia do Coído



Costa entre O Coído e Almeiras



9-Praia de Almeiras



10-O Lapido



11-Desembocadura do rio Castro e praia